

DITAME DO XURADO DO VII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL POLA IGUALDADE

ANDREA BARREIRA FREIJE GAÑADORA DO VII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O sábado 21 de outubro de 2023, ás 16:30 horas, reuniuse, no local do IESCHA da Casa da Cultura de Vilalba, o Xurado do VII Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, convocado polo Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia, e formado por D. Manuel Bragado Rodríguez, D^a Beatriz Maceda Abeleira e D. Pablo Nogueira Campo. Unha vez rematada a reunión emiten o seguinte **DITAME**:

O **Xurado** acorda, por unanimidade, outorgar o **VII Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade** á obra titulada **QUEN PRECISA UNHA AVOA?**, presentada baixo o lema ou seudónimo de **#EUNONTEÑOAVOAS**.

Unha vez aberta a plica, resultou ser a súa autora
ANDREA BARREIRA FREIJE

O xurado valora na novela o novedoso enfoque sobre o idadismo, a toma de consciencia sobre as necesidades das avoas por parte das crianzas, así como a importancia da observación e os cuidados nas residencias de maiores. A conciliación familiar, o tecido da rede de afectos e a sororidade entre todos os personaxes son outros temas desta novela na que a autora a través do humor transmite dun xeito maxistral a complicidade entre diferentes xeracións.



ANDREA BARREIRA FREIJE, (Fonsagrada, 1986), é unha escritora galega. Graduada en xornalismo pola Univesidade de Santiago de Compostela, mestrado en Comunicación Científica, Tecnolóxica e Medio-ambiental pola Universidade Carlos III de Madrid e outro en Estudos Internacionais pola Universidade de Santiago de Compostela.

Imparte obradoiros de escritura para adolescentes e adultos. Foi xestora cultural, tradutora, locutora, dependenta... e pedagoga.

Forma parte da plataforma de crítica literaria feminista **A Segá**, que visibiliza o traballo das escritoras.

Publicou o conto infantil de Nadal, *Que pode sair mal?* para as actividades Pontexogos (Pontevedra) do Nadal 2016/17, ilustrado por Ana Seoane.

Obras

-*Non hai luz sen escuridade* (2015). Santiago: Urco Editora. Novela xuvenil fantástica.

-*Palabra de bruxa* (2018). Vigo: Galaxia, Costa Oeste. 168 páxs.

-*Desmontando o corpo, construindo a ciencia. As xemelgas Fernández de la Vega* (2021). A Coruña: Baía. 48 páxs. (Fonte wikipedia)